

## III XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

13 de MARZO de 2021

A Delegación da FGA en Lugo coa colaboración dos clubs da cidade e co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 1ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o SÁBADO 13 de marzo de 2021, en xornada de mañá, no módulo cuberto e na pista ao aire libre do *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

### REGULAMENTO

**Art. 1.** Poderán participar os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2021) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertenczan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas das categorías **sub-8 ata máster**.

**Art. 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **20:00 horas do mércores anterior** á celebración das probas. **Existirá unha cota de inscrición de 2€** para todos os atletas que non pertenczan a clubs da provincia de Lugo, non estén empadroados en Lugo ou non estuden en Lugo. **Non se admitirán inscricións fora de prazo.**

**Art. 3.** **HORARIO DEFINITIVO**

HOMES	HORA	MULLERES
<b>HORARIO PRUEBAS MÓDULO</b>		
60ml (sub 14)	10:30	LANZAMENTO DE PESO (sub 14) - serie A SALTO ALTURA (sub 14) - serie A-B
50ml (sub 10)	10:55	
	11:00	LANZAMENTO DE PESO (sub 14) – serie B
SALTO ALTURA (sub 14) - serie A	11:20	SALTO ALTURA (sub 12) – serie C
SALTO LONXITUDE (sub 8) NON COMPETITIVA - serie A		
LANZAMENTO DE PESO (sub 14) – serie A	11:30	
60ml (sub 12)	11:35	
SALTO LONXITUDE (sub 8) NON COMPETITIVA - serie B	11:40	
LANZAMENTO DE PESO (sub 14) – serie B	12:00	
SALTO LONXITUDE (sub 8) NON COMPETITIVA - serie C		
SALTO ALTURA (sub 12) - serie A-B	12:10	50ml (sub 8) NON COMPETITIVA
50ml (sub 8) NON COMPETITIVA	12:20	
		SALTO LONXITUDE (sub 8) NON COMPETITIVA - serie A
	12:30	LANZAMENTO DE PESO (sub 10) – serie A
	12:35	60ml (sub 12)
	12:40	SALTO LONXITUDE (sub 8) NON COMPETITIVA - serie B
	12:55	LANZAMENTO DE PESO (sub 10) – serie B
	13:00	SALTO ALTURA (sub 12) - serie A-B
	13:15	50ml (sub 10)
LANZAMENTO DE PESO (sub 10) – serie A	13:20	
LANZAMENTO DE PESO (sub 10) – serie B	13:45	60ml (sub 14)
60mv (sub 14)	14:10	
	14:20	60mv (sub 14)
<b>HORARIO PRUEBAS AIRE LIBRE</b>		
	10:30	500m (sub 12)
	10:55	500m (sub 10)
	11:15	500m (sub 14)
500m (sub 10)	11:40	
500m (sub 14)	12:05	
500m (sub 12)	12:25	
3000m (sub 16-Máster)	12:50	
	13:30	3000m (sub 16-Máster)
800ml (sub 18-Máster)	13:50	
	14:00	800ml (sub 18-Máster)

**Art. 4. Participación:** Terán prioridade na inscrición os atletas lucenses sobre os foráneos. Os atletas poderán participar en 1 carreira e 1 concurso ou en 2 carreiras.

**Art. 5. Nº máximo de series e tentativas:**

- 500m: 3 series por categoría
- 3000m: 3 series masculinas e 2 femininas
- Salto Altura: 2 series por categoría.
- 800m: 2 series masculinas e femininas
- Lanzamento peso: 2 series por categoría e 3 tentativas.
- Salto Lonxitude: 2 series e 3 tentativas.
- 50-60ml: 4 series por categoría

\*Os diferentes grupos dos concursos configuraríanse segundo as marcas de inscrición, e buscando a maior axilidade do programa. As cadencias estableceríanse segundo as marcas dos inscritos e publicaríanse xunto ao horario definitivo a ao horario de cámara de chamadas.

**As probas da categoría sub-8 serán exclusivamente para atletas da provincia de Lugo.**

**Art. 6. Nas probas de carreiras indícarase a mellor marca.** As series realizaríanse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Os tempos nas probas ao Aire Libre serán manuais, e eléctricos nas probas de velocidade do módulo.

**Art. 7.** Cada atleta entregará a Declaración Responsable no punto de control de acceso e retirará o seu dorsal na cámara de chamadas.

**Art. 8.** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaríanse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 5€. No caso de lesión ou enfermidade deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

**Art. 9.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art. 10.** Aqueles atletas que participen ou estean inscritos nos Controis da FGA do día 13/03/2021, non poderán participar nesta 3ª Xornada da Copa Deputación de Lugo.

**Art. 11.** O acceso á instalación será **restrinxido e controlado**. Os adestradores que desexen acceder deberán estar en posesión da correspondente licenzia federativa para esta tempada e deberán enviar un email a [delegacionfgalugo@gmail.com](mailto:delegacionfgalugo@gmail.com) ata o mércores ás 22h. No caso que algún clube non envíe ningún adestrador valorarase a posibilidade de permitir o acceso dun delegado por clube. **Haberá un máximo de 1 adestrador por cada 12 atletas inscritos.**

**Art. 12.** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art. 13.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 5 de marzo de 2021

Asdo no orixinal  
José Manuel Peña Rodríguez  
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

**PATROCINA:**

**ORGANIZA:**

**COLABORA:**